FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2017

Sobre o "outro" Códeo

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña-Grupo ILLA

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS
REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS
Nº2 · 2017

ARTIGO

Sobre o "outro" Códeo

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña-Grupo ILLA

PALABRAS CHAVE

Rosalía de Castro; "El Codio"; represión eclesiástica; o "Códeo" ourensao; o problema da autoría.

RESUMO

"El Codio" rosaliano (Lugo, 1864) non chegou a ver a luz no *Almanaque* de Soto Freire, a causa da represión eclesiástica que se desatou após o simples anuncio da súa publicación naquela revista. En 1878, en *El Heraldo Gallego* (fundado e dirixido por Lamas Carvajal en Ourense), aparece un "Códeo" (conto-crónica) asinado por Leopoldo Castro, con toda a probabilidade un pseudónimo-comodín deste periódico. Este "Códeo" contén algúns elementos temático-estilísticos que o emparentan con outras prosas rosalianas. Mantense, malia estes indicios, a incógnita da autoría real deste "Códeo" ourensao.

KEYWORDS

Rosalia de Castro; "El Codio"; ecclesiastic persecution; the "Códeo" from Ourense (Galicia); authorship issue.

ABSTRACT

"El Codio" by Rosalia de Castro (Lugo, 1864), was not published in Almanaque edited by Soto Freire, due to the ecclesiastic persecution that occurred after the mere announcement of its publication in the above-mentioned journal. In 1878, in El Heraldo Gallego (founded and directed by Lamas Carvajal in Ourense), there appears a tale-chronicle, "El Códeo", signed by Leopoldo Castro, probably a common pseudonym in this periodical. This "Códeo" contains some thematic and stylistic elements that connect it with other prose texts by Rosalia de Castro. However, despite all these traces, the real authorship of this "Códeo" from Ourense remains incognita.

O "codio" rosaliano

En 1859, ano da publicación da primeira novela de Rosalía de Castro, *La hija del mar,* Antolín Esperón diríxese por carta a Manuel Murguía, para lle comunicar, na súa función de censor, que "por mí no hay inconveniente en que se continúe publicando la novela, cuya primera entrega tengo a la vista". E acrecenta: "Supongo que nada se hablará en ella de política ni de religión, lo que pudiera aparecer en falta del censor; pues su autora y lo que me dice el Sr. Compañel [editor da novela], son suficiente garantía". E, na despedida: "Me alegro mucho de que su Sra. de V. figure como tan buena escritora". Esta carta publicouna por primeira vez Carballo Calero en 1963 (CARBALLO CALERO, 1979: 61), informando de que o comunicante, Antolín Esperón Novás (1825-1895), advogado, era profesor do Instituto de Pontevedra e exercía funcións de censor. Política e relixión, como se ve, tabú. Non tardaría a escritora máis que cinco anos en comprobar en carne propria até que ponto o *establishment* eclesiástico-político non estaba disposto a permitir a *noa,* a palabra libre que conxurase o tabú.

Como é ben sabido, no ano 1864, para ser publicado no *Almanaque* destinado ao ano 1865, editado por Soto Freire en Lugo, Rosalía de Castro tiña escrito "El codio", e como tal aparece anunciado no prospecto que o impresor dispuxera ao efeito. Enteirados os seminaristas da cidade da súa inminente publicación e decididos a non consentiren a "ofensa" de se veren retratados por pluma feminina, non demoran en ameazaren o editor con atacaren a imprensa, ameaza que levan a termo, esnaquizando os cristais da mesma. Na altura, era bispo da diocese lucense o español (como a maioría dos bispos das dioceses galegas desde o século XVI) José de los Ríos Lamadrid , que o foi entre 1857 e 1884 e que ocupou escano no Senado entre 1858 e 1860. O episcopado tiña tamén potestades censoras, de xeito que a acción dos máis de douscentos aguerridos seminaristas contou con toda a probabilidade co beneplácito do monseñor. Misión cumprida: a peza de Rosalía de Castro non se publicou e dáse por perdida.

Tamén con toda a probabilidade se refere a este episodio violento o pintor Serafín Avendaño, amigo de Murguía e de Rosalía, cando en carta ao primeiro deles, datada en Xénova no 14 de Decembro de 1864, comenta: "En un periódico he leído que un escrito de Rosalía había causado una revolución en Santiago. Dila que yo no creía jamás fuese tan revolucionaria..." (CARBALLO CALERO, 1979: 64)[1]. Salvando a confusión da diocese,

[1] No 14 de Abril deste mesmo ano 1864, Ramón Segade escrebe a Rosalía de Castro (vid. copia da carta que debemos a Xosé Luís Axeitos) nestes termos: "Mi apreciable amiga: los versos que V. ha tenido la bondad de remitirme me han gustado mucho; pero he reflexionado que non merecen la pena las personas a quienes se dirigen que nos espongamos a pasar algunos disgustos que es mui fácil que puedan sobrevenirnos en caso de llevar a cabo nuestro pensamiento. V. sin embargo verá lo que le parezca mejor; yo opino así y me creo en el deber de manifestarselo franca y lealmente". Podemos inferir das palabras de Segade Campoamor non só o peso da censura senón da autocensura: a que "personas" se refere?; que represalias ou "disgustos" podería(n) provocar o(s) poema(s) -"versos"- da escritora?; por que utiliza o

todo aponta a que o artista alude á violenta protesta dos seminaristas de Lugo. Debemos a Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, 2008) a localización exacta dos comentarios e noticias de prensa que permitiron o coñecemento de semellante feito, así como a súa datación verdadeira, o 2 de Decembro de 1864 en *El Contemporáneo,* de Madrid, onde se cualifica como "tumulto de graves proporciones" e antes, o 23 de Novembro, en *La Iberia,* da mesma capital, o xornal onde aparecera a recensión -a cargo de Murguía- do primeiro libro da escritora, *La flor,* en 1857. A investigadora citada lamenta non poder ter consultado o prospecto en que a peza de Rosalía se anunciaba, por o Museo de Pontevedra telo extraviado (*casualidade* que tantos textos de interese para a biobibliografía rosaliana se teñan perdido ou vaporizado!) e incorpora no seu artigo outras varias precisións de grande valor informativo, como a nota de Soto Freire no *Almanaque* de 1865 finalmente editado, en que dá conta da grande cantidade de orixinais recebidos, o que impede a publicación de todos eles, ou unha outra advertencia no do ano seguinte en que se transloce con toda clareza (*excusatio non petita*...) a submisión ao peso da censura, na súplica a futuros colaboradores de que respeitasen todo canto a Igrexa Católica tiña sancionado (ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, 2008: 34).

Sete anos median entre a primeira comparecencia da escritora na arena literaria (o poemario *La Flor,* xa mencionado, publicado en Madrid, en 1857) e esta rotunda contestación da súa persoa e obra, en 1864. Neste período, a autora non cesa de escreber e de publicar, acreditando unha vocación literaria que calla en auténtica profisión: "Lieders", en 1858; a primeira novela, citada ao comezo destas liñas, en 1859; a novela *Flavio*, en 1861; o poema "Eva", no mesmo ano; seis poemas no *Álbum de la Caridad,* do ano seguinte, 1862, ao igual que o libro non venal *A mi madre,* após o falecemento dela nese ano; e, no ano seguinte, 1863, o que vai ser o *big bang* da literatura galega renacente, *Cantares gallegos.* Para ben e para mal, é nome coñecido nas letras galegas, e a súa irrupción como escritora non acomodaticia de certo que non pasaría inadvertida. O episodio de "El Codio" supón o seu baptismo na maré represiva que non deixaría de afectala -con toda a contundencia- até o fin dos seus días. Adiantamos que tal proscrición non é allea (antes ben, está directamente conectada) á súa condición feminina, o que aumentaría a repulsión activa dos iracundos seminaristas á publicación dun retrato humorístico que de nengún xeito estaban dispostos a consentiren.

Política e relixión. Noutro lugar (GARCÍA NEGRO, 2010: 86-89), referímonos ao carácter de triloxía sociopolítica e sociomoral que terían composto as tres pezas rosalianas en prosa previstas para o *Almanaque* de Soto Freire: as dúas publicadas ("El cadiceño" e "Las literatas", de 1865 a 1866[2]) e a *non nata,* "El codio". As tres, moito por cima da cualificación como cuadros de costumes, suporían, nesta hipótese, macrorretratos do

pronome "nos"?: ten a ver con algún papel editor do comunicante? Os "versos", en fin, falaban talvez de "política" e "religión", o que os faría condenábeis pola censura? Irían referidos aos "codios"? (vid. CARBALLO CALERO, 1979: 62).

[2] Vid. GARCÍA NEGRO (2016).

máis alto valor institucional e público: a emigración e as súas letais consecuencias intragrupo; o rol social das mulleres e do subconxunto escritoras; o papel da Igrexa Católica, a través da caracterización da "fichaxe" dos futuros ministros da mesma, na peza non publicada. En todos os casos, temas do máximo interese galego, como a mesma escritora se ocupa de subliñar. Que unha muller, unha escritora profisional, ousase penetrar no terreo "serio" dos asuntos de tratamento-autoría masculina, que opinase con total independencia de criterio sobre os mesmos, que desafiase convencións e usos estabilizadores, que puxese o acento en cuestións que formaban parte do debate público, que retase, en fin, a censura... non podía ficar impune. O perfil autorial libre e independente de Rosalía de Castro fica así tan cedo (a só sete anos da súa estrea literaria) definido e certificado. Palabra prohibida, obra censurada, eliminación directa. Prólogo de sucesivas marxinacións e ostracismos. A "Estranxeira na súa patria" (*Follas Novas,* 1880) comezaba o seu exilio interior.

O "Códeo" ourensao, catorce anos despois

É Carballo Calero, no artigo mencionado (CARBALLO CALERO, 1979: 57-68 [publicado orixinalmente en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* tomo XVIII, fasc. 56, 1963]), quen informa da publicación do "Codio" si existente, o publicado en *El Heraldo Gallego,* de Ourense, en 1878:

"El Codio" é unha das obras perdidas de Rosalía, como *Historia de mi abuelo, Mauro* e *Romana* -da que, ao parecer, consérvase un fragmento. Un artigo de costumes titulado "El codio", baixo o rótulo máis xeral de "Tipos populares de Galicia", publicouse en *El Heraldo Gallego,* Ourense, números 50 e 51, novembro 1872, firmado por Leopoldo Castro, de quen tamén se inserta no mesmo ano unha crítica do drama de asunto lugués *El manojo de espigas,* de Emilio Álvarez Giménez. Ignoro quen é este Leopoldo Castro, mais non parez un seudónimo de Rosalía. "El codio" de Ourense é un artigo escelente; secomasí, non houbera xustificado polo seu contido unha algarada estudantil. Claro que podía ser unha versión revisada, mais o ton académico da crítica de *El manojo* acaba por descartar a hipótese rosaliana. En todo caso sería interesante identificar a Leopoldo Castro, de quen Couceiro Freixomil nada sabe" (CARBALLO CALERO, 1979: 64-65 [nota a rodapé]).

Dúas pontualizacións admiten as palabras do ilustre profesor. Na realidade, o artigo titúlase "El Códeo" e a súa publicación cómpre situala no ano 1878 (nº 50 e nº 51, 15-16 de Novembro), non 1872 (con toda a probabilidade, gralla de imprensa, pois nese ano non nacera o xornal fundado por Valentín Lamas Carvajal, que aparece en 1874 e mantense até 1880). Partillamos, claro está, a mesma intriga que o preclaro estudioso da literatura galega. Quen foi Leopoldo Castro? Ten algún significado a utilización dun apelido homónimo do da escritora censurada catorce anos antes? A primeira noticia que achamos deste nome[3] data de 1877. Trátase dunha carta dirixida a Florencio Martínez Sarmiento, datada en Vilanova das Infantes e publicada en *El Heraldo Gallego* o 1 de Outubro dese ano. A

[3] Agradecemos ben a axuda facilitada nesta procura por Xoán Costa e por Fernando Pereira.

segunda consiste nun poema ("Soy un alma sin sueños y sin galas"), publicado no mesmo xornal o 31 de Decembro do mesmo ano 1877. De 1878, "El Códeo" e varias referencias máis, entre elas a crítica do drama de Álvarez Giménez que mencionara Carballo Calero. No exemplar do 15 de Novembro deste ano, airéase unha polémica verbo do abuso de pseudónimos ou, máis exactamente, dos "escritores anónimos" como Luis Martínez ou Leopoldo Castro que "no figuran para nada en las listas electorales ni pagan contribución". O noso Leopoldo Castro dáse por "desconocido también en la Capital". O abano de "escritores anónimos" amplíase a Luis de Castro Valladares, Luis Martínez, Leopoldo Castro, José M. Tenorio e O Tío Cibrán, todos eles presentes ao longo do ano 1878.

A pseudonimia ou a heteronimia é recurso ben coñecido e empregado para aparentar unha nómina ampla de colaboradores e esquivar a autoría única ou case única dunha publicación periódica. Tal é o recurso que emprega Valentín Lamas Carvajal cando asina sob o nome do Tío Marcos da Portela, o celebérrimo autor do "Catecismo do labrego", ou cando escolle un pseudónimo feminino (Arminda Flora Serrano) para publicar o poema "Á miña nai". Igualmente Esperanza Roca vai ocultar a personalidade de Amador Montenegro Saavedra, fundador, director e factotum de *A monteira,* de Lugo, a través de once poemas que nela aparecerán con aquel nome (feito relevante que puxemos en destaque[4] afiliándoo ao prestixio autorial feminino determinado pola escritora fundacional Rosalía de Castro, que contrasta vivamente co fenómeno contrario: a pseudonimia masculina para escritoras como Aurore Dupin [George Sand], Cecilia Böhl de Faber [Fernán Caballero] ou Caterina Albert i Paradís [Víctor Català], nas literaturas francesa, española e catalá, respectivamente; igualmente, é digno de mención que a norma en todas as escritoras nadas na Galiza no XIX e, dentro delas, as escritoras especificamente pertencentes á literatura galega, é exhibir a autoría feminina que non se disimula, sempre se revela: Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Emilia Calé [Esperanza], Filomena Dato e tantas outras co seu nome proprio[5] ou con, nalgún caso, pseudonimia feminina.

Destarte, Leopoldo Castro podería ser un heterónimo do proprio Lamas Carvajal, alma mater do *Heraldo...*, como doutras publicacións periódicas que fundou e alimentou na súa cidade natal, Ourense. De feito, no "Álbum de Galicia", publicado como folletín de *El Norte de Galicia* (13-14 de Agosto de 1916), de Lugo, por Victorino Novo, "El Códeo" aparece atribuído a este escritor, atendendo con certeza á súa aparición primeira en *El Heraldo Gallego*[6]. Porén, concordamos con Ricardo Polín (GÓMEZ POLÍN, 1999: 166)

[4] Vid. GARCÍA NEGRO, GÓMEZ SÁNCHEZ e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (1996).

[5] Vid. MARCO (1993), ARMAS GARCIA (2002) e GONZÁLEZ PAZ (2016).

[6] Vid. GÓMEZ POLÍN (1999: 166, primeiro *). A edición do *Álbum de Galicia. Os galegos pintados por si mesmos. Homes do país* que realizou este estudioso é ben valiosa para o coñecemento da auto-percepción como galegos no XIX; é igualmente de grande interese todo o corpo de notas que acompaña a edición de "El Códeo". Curiosamente, "El Códeo" asinado por Leopoldo Castro aparece no mesmo ano en que Murguía publica (*La Ilustración de Galicia y Asturias,* 1-8-1878) unha dura crítica contra Lamas após este dar a luz a súa obra

na dificultade de o facer. Non achamos concomitancias estilísticas entre "El Códeo" e a prosa que coñecemos de Lamas Carvajal, quer en galego, quer en español. Ricardo Polín informa (*ibidem*) da posibilidade de adscreber esta peza ao proxecto de Jesús Muruais *Los gallegos pintados por sí mismos,* no seo da efémera Galicia Literaria (1875-76) abandeirada en Madrid por Teodosio Vesteiro Torres, se reparamos na advertencia do mesmo Victorino Novo no *Álbum de Galicia* citado.

O texto de "El Códeo"

Entre los que rinden culto a la diosa Minerva, entre los que se afanan por llegar al conocimiento de las ciencias, entre esa multitud de jóvenes que pasan sus primeros años consagrados al estudio, dulcificando las amarguras que éste les produce, con asonadas nocturnas, devaneos y amoríos; entre esa juventud alegre y bulliciosa que se conoce con el nombre de estudiantina, existe un tipo que difiere de todos por el fondo y por la forma, por las inclinaciones y por las costumbres. Y son tan esenciales y marcadas las diferencias que el menos observador a simple vista las conoce, porque no es posible confundir al estudiante de Instituto o Universidad con esos otros estudiantes, que pueblan los claustros de los Seminarios, que visten manteo y tricornio, y que son conocidos por la aristocracia y por el vulgo con el gráfico nombre de *Códeos.*

El Códeo vegeta y vive a la sombra de las catedrales: así que nuestro tipo apenas es conocido en las poblaciones modernas, que, más prácticas que idealistas, cifran las glorias de su porvenir y el mejoramiento de sus intereses en el comercio y en la industria. En Galicia, tienen por nido los Códeos las ciudades de Tuy, Mondoñedo, Lugo, Orense y Santiago; Coruña, Vigo y Pontevedra no tienen la suerte de alimentar en su seno a esos *presbíteros en incubación,* ratoncillos del latín y futuras esperanzas de las feligresías rurales de nuestro país.

El Códeo, sin duda porque no ha de ser un génio de primer orden en la sociedad, no nace, *que se hace.* El párroco de N., filósofo profundo y observador por naturaleza al decir de las gentes del pueblo, ha fijado su atención en un muchacho de diez años, alegre y travieso como un corderillo, saltador como una corza, que hace más daño en las heredades de los vecinos que una granizada, pero que tiene felices disposiciones para el cultivo de la lengua latina, demostradas en el correcto recitado de algunos textos, y, sobre todo, que tiene especial predilección por todo lo que a la Iglesia se refiere, y sabe ayudar a misa a satisfacción del párroco, que es todo cuanto hay que decir. Estas cualidades, repetimos, llamaron profunda y agradablemente la atención del señor abad de la parroquia, y después de someter a nuestro héroe a duras y repetidas pruebas, de las que siempre salía ilesa su moralidad y triunfante su amor a la religión católica, el cándido cura de almas, creyendo llegada la ocasión oportuna, abordó sin ambajes la cuestión con los padres del muchacho, y les propuso que como base de su porvenir debían ponerlo en una pasantía de latín, y dedicarlo después que tomase algunos conocimientos en la lengua de Horacio y Virgilio, a la carrera eclesiástica, a la cual según revelaciones que había tenido por intuación estaba predestinado por Dios.

Esforzándose los padres del muchacho en demostrar al párroco los graves inconvenientes y no escasas dificultades que había que vencer para cumplir sus aspiraciones, manifestáronle con rústica franqueza el estado de penuria de la casa, e hiciéronle presente otras indicaciones no menos atendibles; pero el

Cantos de un loco, poemas en español con inclusión de cinco en galego.

señor Abad, firme en su propósito, y con el afán de dotar a la iglesia de un nuevo Ministro del Señor, apeló a sus razonamientos y a su lógica particular, y echó por tierra los poderosos argumentos de los padres del *elegido*, asegurando con tono dogmático que el sacerdocio era el único porvenir brillante del muchacho, y manifestando de pasada que era una verdadera lástima consagrarlo a la labranza de los campos, tarea poco decorosa y menos lucrativa, cuando por su inteligencia podía conquistar un modesto lugar en el clero, y una posición desahogada y digna en la sociedad. Y como epílogo de su perorata, se comprometió bajo su formal palabra a costear a sus espensas los libros y matrículas del alumno, rasgo de elocuencia conmovedora que llevó al ánimo y al corazón de los rústicos campesinos la persuasión y el convencimiento: con esta *axuda*, no había nada que vacilar. La proposición ventajosísima, la pretensión respetable, el objeto piadoso y lucrativo; y la licencia paterna fué otorgada sincera y espontáneamente.

Después de dos años que pasó nuestro estudiante en agraz deglutiendo nominativos y digiriendo conjugaciones, previo consejo de familia presidido por el párroco, se acordó con toda solemnidad que Juanillo fuese inscrito en la matrícula del Seminario Conciliar más próximo a la aldea, y terminados que fueron los preparativos del viaje, escritas por el párroco las indispensables cartas de recomendación para los profesores, colocadas por la cariñosa madre en improvisada maleta un par de cada una de las prendas más necesarias para vestir, cuatro sábanas, un cobertor, dos fundas de almohada, y algunos comestibles, dejó el escolar naciente el hogar paterno con lágrimas en los ojos, con profunda tristeza en el corazón, pero con la tranquilidad en la conciencia y la gracia en el espíritu, pues había confesado y comulgado aquel día. El viaje fué un verdadero viaje de proscripción; ni una sola palabra se escapó de los labios de Juanillo, por más que el rapazote de aldea que le servía de espolista se esforzara por pintarle con los más vivos colores las alegrías y devaneos en que era fecunda la vida del estudiante.

Juanillo continuaba triste y silencioso montado desdeñosamente en su jamelgo monterrosino y llevando en el fondo de su alma, avasalladora y potente, la más desconsoladora de las nostalgias. Y no era estraño. Abandonaba por vez primera los paternos lares en dode había volado como feliz ensueño su alegre y regocijada niñez; su virgen corazón sentíase huérfano de los cariñosos alhagos de la familia, y sus ojos que no habían visto más horizonte que los que limitaban su aldea, encontraban pálidos y oscuros los encantados panoramas y pintorescos paisajes que entre ellos se desarrollaban con fantástica precipitación.

Llenaban por completo su espíritu dos sombras; el pasado y el porvenir, aquél poblado de bellas imágenes, mágicas armonías e ideal poesía, y éste nebuloso y oscuro, lleno de fantasmas, y triste como la noche de invierno. Juanillo en aquellos instantes era poeta esencialmente subjetivo y melancólico como lo son todos los jóvenes gallegos cuando tienden por vez primera el vuelo hacia regiones extrañas, llevando en su corazón un mundo de recuerdos y dejando atrás el encantado nido de sus primeros sueños y alegrías.

Había andado cuatro leguas: su íntimo sentimiento no había sido bastante a desterrar su apetito, sin duda porque las necesidades de la materia son más imperiosas que las del espíritu y vióse obligado a hacer alto para comer.

Apeóse el casi estudiante; el espolista ató a un árbol el monterrosino animal, teniendo cuidado de echarle algunas briznas de paja *por mor de que non perdese as forzas,* y amo y criado, uno triste y otro indiferente, después de sacar de las alforjas las correspondientes viandas, comenzaron a comer.

La comida fué una verdadera comida de entierro sin sacerdotes. Los dos comían y callaban, uno por indolencia, y el otro por conveniencia. La desgracia quiso acibarar más la amarga comida de nuestro muchacho. La bondadosa madre había colocado con intención y ternura dignas de ser cantadas en poema, sin conocimiento del padre, y entre los comestibles, un papel envuelto que contenía 20 reales de plata, y en el cual iban escritas las siguientes palabras: "isto, meu filliño, sin que nadie o seipa, dacho tua nai pra que te coides cando che cumpra".

Este natural y sencillo rasgo de la generosidad materna, hiriendo los más delicados sentimientos de su virgen corazón, acabó de desconcertar al joven que rompió a llorar, no como un niño, que lo era en realidad, sino como una Magdalena.

Repetidos impulsos tuvo de desandar el camino, tornar a su casa humilde y arrojarse en los brazos de su madre; pero las severas prescripciones del párroco por un lado, y las sugestiones del espolista por otra parte, no sin sostener en su interior una cruenta lucha, lo contuvieron: lo que nada pudo conseguir fué que él probase un solo bocado más, porque como él decía, *puxéraselle un nudo na gorxa.*

Doblaban las campanas el toque de oración cuando llegó a la ciudad, y era tanta su sensibilidad y tan profunda su tristeza, que ni llamó su atención el bullicio del pueblo, ni la simétrica hermosura de las casas, y continuó silencioso y meditabundo recorriendo calles y plazas hasta llegar a la puerta de su hospedaje, en donde ya le esperaban otros compañeros, quienes con sus picarescas burlas y sempiterna chacota concluyeron por agravar más su infortunio.

Instalado en la ciudad nuestro estudiante comienza a sufrir, con la resignación posible, las contrariedades y contratiempos de su completa metamorfosis. Honda fué su amargura y su pesadumbre inmensa, cuando las primeras veces que en cumplimiento de su deber atravesaba los claustros del Seminario, fué recibido por sus camaradas con infernal algarabía, recogiendo de pasada algunos vapuleos; manifestaciones del júbilo que los escolares sentían al contar con un nuevo colega, y por las que le hacían pasar el período de noviciado *pagando a patenta*. Desconcertado llegó nuestro *Códeo* junto a sus compañeros de posada y por vía desahogo, con actitud candorosa y tono compungido, les dijo que en el Seminario lo *abouxaran* y que *lle deran unha de lombeiradas que nin a rábea.*

Bien pronto nuestro Códeo fué acostumbrándose a la vida estudiantil, y por más que en el primer año mereció el calificativo de potro, aun cuando en el segundo le bautizaron con el de *amatado*, era ya, a fines del primer curso, un *veterano* en toda la extensión de la palabra, por más que las *leyes de estudiantiles* otorgaban sólo a los alumnos de tercer año de Filosofía esta distinción. Familiarizóse con sus compañeros, fué acomodándose a las costumbres de la ciudad, no le eran desconocidos los lugares más ocultos, y concluyó por desterrar de su alma la nostalgia profunda que sentía, y por dar al traste con las soledades que tenía por su aldea. Vivía en la ciudad satisfecho y alegre; asistía con puntualidad a las cátedras, y sólo en determinadas ocasiones se permitía el lujo *de latar,* estudiaba lo extrictamente indispensable para salir del apuro, cuando el profesor le preguntase la conferencia, y las horas que le dejaban libres sus ocupaciones las consagraba al buen humor y a la algazara.

El Códeo se había transformado: su carácter esquivo y receloso tornóse en espansivo y franco: su corazón inocente y sensible dominó sus más íntimos afectos, y, como él decía, *de neno volvérase home*. La timidez que siempre había sentido en presencia de las mujeres había sido reemplazada por una travesura picaresca, acompañada de una conversación pródiga en intencionados equívocos y galanteos, y la lectura de las cartas de su familia no le causaba aquella profunda emoción que tantas veces había hecho asomar a sus ojos un manantial de purísimas lágrimas.

La vida del estudiante es simpática bajo cualquier prisma que se le examine.

El Códeo como estudiante y joven es desprendido y generoso, amigo del bullicio y los placeres, y por ende, inseparable compañero de todo aquello que en sí lleva la animación y la vida. Su posición no es muy desahogada, vese precisado a sufrir grandes privaciones; mas no por eso se turba un momento su expansiva alegría. Sus penas las adormece con alguna escursión campestre o asonada nocturna; salva su serenidad y aplomo las situaciones más difíciles, y con sus chistes, si no paga sus deudas, aplaza cuando menos indefinidamente el pago.

Por 24 reales encuentra albergue, tarima y jergón, moviliario modesto en demasía y una *cunca de caldo* a la hora de comer y cenar. Su comida es frugal: conténtase por la mañana con tomar un *cazolo de sopa d´allo,* al mediodía con su taza de caldo de reglamento y un *anaco de touciño* que suministra para la confección, e iguales viandas le sirven de cena. La carne de cerdo que da para su alimentación se la entrega *á pousadeira* con precisión matemática *por mor* de que no se concluya antes del plazo marcado para la nueva remesa de comestibles. Sin embargo de esta economía que por necesidad se impone, no deja de demostrar su desprendimiento, y suele acontecer que gasta en un solo día todas cuantas provisiones reservaba para dos meses.

El juego suele ser también la causa de que el Códeo quebrante sus preceptos económicos; pero es preciso confesar que todas sus pérdidas, aun cuando sean repetidas, no son de consideración porque el erario del Códeo es muy limitado, ni le originan el más leve disgusto porque *está afeito* a todo, y porque no vale la pena de entristecerse por cosas de tan pequeña monta.

El Códeo nada ambiciona, ni aun manifiesta su deseo por terminar la carrera eclesiástica; se halla conforme con su método de vida, y como el porvenir siempre es dudoso, duda el Códeo de que el sacerdocio sea la profesión que más se adapte a su carácter y costumbres. Si tal puede llamarse, la única ambición que está despierta en el corazón de nuestro estudiante es la de que llegue el día en que sus padres *lle manden a carabela.* Y esta ambición se apodera de su espíritu, no por temor a morir de hambre -señora con la cual sostiene frecuentes e íntimas relaciones-, sino porque con la *carabela* puede proporcionarse algún dinero para cubrir atenciones de cierta índole.

El Códeo fuma, mas no por eso contribuye a aumentar los ingresos de las rentas estancadas; echa de vez en cuando su *cigarrete de emprestado*, y cuando no puede fumar por este medio, apela a las hojas de *silveira*, que en realidad no es tabaco, pero que tiene las propiedades de arder y echar humo como el tabaco de los estancos, y la doble ventaja de no costar nada y de abundar en todas las *corredoiras* del país. Sin duda, por esta circunstancia, el Códeo, y movido por la simpatía, elige los más tortuosos y apartados sitios para estudiar la conferencia, si bien es cierto que el apartamiento y la soledad son muy a propósito para consagrarse a los estudios. El Códeo no gasta un solo real en los reparos de sus vestidos: Códeos hay que zurcen un girón, echan un remiendo y pegan un botón a una camisa con mayor habilidad y prontitud que el más acreditado sastre, y con más agilidad y gracia que la más linda y hábil costurera.

Su conversación, si no agradable por la corrección de la frase, interesa y cautiva la atención por la oportunidad y gracejo inimitable con que relata un *conto ó caso*, por los modismos latinos con que la salpica, y, sobre todo, por la mezcla del latín y gallego que desordenada y graciosamente en ella emplea.

No es la figura del Códeo la más antipática a las costureras y a las ultra-románticas de la clase media. Oyen las primeras sus frases de amor con extremada complacencia, y gustan mucho de que un Códeo les regale el oído, y las segundas siéntense enardecidas al considerar las contrariedades y sinsabores que sus relaciones amorosas habrán de producir en la familia del Códeo; goza al pensar en que el Códeo en aras de su hermosura pueda sacrificar su carrera y colgar sus hábitos, y su imaginación soñadora le pinta como la más caballeresca de las aventuras el que una mujer bella y candorosa lleve a un Códeo ante el sagrado altar por diferente vía de la que se propusiera al matricularse en el Seminario, y al hojear por obligación las páginas de ese infólium escrito en latín clásico por el P. Perrone, y que viene a ser el suplicio de Tántalo, la horca caudina, y el *desideratum* de todos los tormentos humanos para el que es Códeo *a fortiori* díscolo y desaplicado.

Por eso el Códeo no deja de tener novias que hagan conocer las dulzuras de la vida material y humana fragilidad, y por eso sus amores alcanzan una terminación verdaderamente trágica con ribetes de bufa.

En el período de vacaciones, cuando el Códeo torna a su aldea con escaso caudal de conocimientos, pero poseyendo a las mil maravillas todas las reglas sintáxicas y prosódicas de la *gramática parda*, dáse cierto aire de autoridad e importancia entre sus convecinos, quienes al pasar por su lado le saludan respetuosamente, anteponiendo el título de *don* al invocar su nombre, y le consultan graves y trascendentales casos de conciencia, de cuyas consultas no salen generalmente bien paradas la moral y el dogma, y en especial cuando la que acude en consulta es una muchacha de veinte años, de airoso y flexible talle, ojos iluminados por el fuego de la pasión ardiente y rostro peregrino y hechicero.

Al terminar el cuarto año de Teología, cuando el Códeo se ordena de subdiácono, y cuando, cumpliendo con lo prescrito en la Liturgia y acordado en el Concilio de Trento, abre en la parte superior y posterior de su cráneo una corona, cambia radicalmente su fisonomía, y su modo de ser, regenéranse sus prácticas y costumbres como si el mundo se hubiese desvanecido para él, y desaparece el Códeo, apareciendo en su iniciación embrionaria el Presbítero, tipo cuyo bosquejo hará otro pincel más hábil que el mío, y otro pintor que disponga de más vivos colores.

Comentario

Salientamos en primeiro lugar a calidade do artigo reproducido. Na realidade, é unha mini-novela de aprendizado ou de formación, aplicada a un aspecto particularmente significativo da socioloxía galega: a escolla da carreira sacerdotal como vía de ascenso social, ao permitir a escapada do duro traballo da terra e a elaboración dun estatuto de autoridade intragrupo, asociado a todo o poder da institución, a Igrexa Católica, na sociedade galega e especificamente na rural, amplísima maioría en toda a nación. Se para mulleres das clases populares o matrimonio vantaxoso economicamente supuña esta vía de desclasamento (lembremos que este é aspecto central en *Os vellos non deben de namorarse,* de Castelao, en particular, o terceiro lance onde Pimpinela é conducida ao casamento co señor Fuco polos proprios pais, ansiosos de saíren da miseria e "vendedores", xa que logo, da "mercadoría" ao seu dispor, a filla), para moitos rapaces de casas labregas o ingreso nos seminarios diocesanos e a futura ordenación sacerdotal aparecía como garantía dunha mobilidade social de difícil obtención por outros meios. A imaxe de fillo estudado e con futuro económico garantido -nun Estado confisional onde funcionaba en perfeita simbiose a alianza Altar-Trono- funcionaba como poderoso imán de vocacións masivas naqueles centros eclesiásticos de formación dos futuros ministros da Igrexa. Ben se comprende, porén, que tal atractivo era asemade semente de millenta vocacións forzadas e de múltiplas transgresións das normas impostas ao sacerdocio, a comezar pola prohibición de relacións sexuais.

O mesmo Lamas, nada sospeitoso de contestación anticlerical, é sensíbel a este problema, ben que centrado na frustración do protagonista do seu poema "Carta do abade de Armenteira á súa nai"[7] (incluído en *Saudades gallegas,* 1880) por non dar desenvolvido o seu maxisterio coa debida eficacia, á vista das múltiplas lacerías que aflixen os

[7] Vid. LAMAS CARVAJAL, Valentín: *Poesía galega completa* (Edición crítica e Introdución de María Pilar García Negro), Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1997, páx. 281 e ss.

seus fregueses. Na intimidade que permite o formato epistolar (non por casualidade, esta "confisión"non sacramental está dirixida á nai), o abade declara que "a centos recibín os desenganos"; ten saudades da felicidade que vivera na casa e non dá feito para curar ou sequer aliviar os problemas da parroquia. "Finxindo calma", ten de presenciar "como namentras us morren de fame, / viven outros nadando na fartura"; a súa prédica é no deserto: "Ninguén me empresta axuda / na grandiosa tarea / de esparexer a ilustración na aldea"; non dá loitado contra as supersticións e, en fin, non atopa fe e caridade senón indiferenza e cativeza. A impotencia fere o seu corazón "e converte en inferno a miña vida!". A carta en verso (pois non outra cousa é este poema) conclúe: "Nai do meu corazón: / do que me pasa / verme libre, deixar a cruz quixera; / ¡ai! Fórame mellor, máis me valera / ser labrego e coidar os bes da casa". Este conflito moral, este "martirio" -como o define o protagonista- non existía, claro está, en todos os que se acomodaban á situación e se beneficiaban das súas prebendas. Neste poema non aparece o problema do celibato obrigatorio que si veremos noutras pezas literarias. Abonde lembrarmos a contradición flagrante que expresa, en ton de humor, o magnífico poema rosaliano "Decides que o matrimonio" ou a mención que fai Castelao, no prólogo "A carón da natureza" de *Cousas* do "estudante de crego" a quen unha "moza de pano roxo" lle roubou a vocación.

En todo o caso, a motivación económica, como xa dixemos, é central na escolla da profisión sacerdotal e é ela a que, como vemos en "El Códeo", vence a resistencia dos pais do pequeno para accederen aos rogos do párroco captador de vontades. O artigo-relato-crónica que analisamos (pois bebe de todos estes moldes literarios) vai compondo unha novela de aprendizado, unha novela iniciática, con fina mestría para ir debuxando o perfil do rapaz, afouto rillote e moi aleuto -candidato, por tanto, a ser captado polo ollo clínico do crego-; a castración da súa sentimentalidade; a súa adaptación darwinista ao novo meio, xa no Seminario e na cidade; as probas que certifican a súa acomodación aos estudos e aos compañeiros veteranos; as súas expansións e vicios, a aludida iniciación sexual ("con la *carabela* [a cesta con víveres procedente da casa con que podería pagar algún servizo prostibulario] puede proporcionarse algún dinero para cubrir atenciones de cierta índole"); por suposto, o retorno ao endogrupo con alarde da superioridade asumida con fachenda (cfr. o retrato de Rosalía dos retornados á súa aldea en "El cadiceño", o barbeiro necio ou o rapaz petulante que alardea de suposto coñecemento literario, ambos de "Las literatas"); as súas veleidades amorosas (sen esquecer o perfil das rapazas que fican seducidas pola súa presenza e labia) e, en fin, a consecución do subdiaconado, no limiar da obtención do presbiterado, fase definitiva da carreira con que acaba o relato. O "vivedor" -dentro das súas posibilidades limitadas- debe agora adoptar un outro *semblante*: pasar a ser -aparentar- (a coroa capilar como símbolo) unha autoridade. O período iniciático rematou, o exercicio da *auctoritas-potestas* comeza. A ex-vítima prepárase para ser capataz.

A cuestión da autoría

Entramos na cuestión máis comprometida e, ao tempo, máis atraente. Quen é o verdadeiro autor de "El Códeo" ourensao? O que figura como tal nas páxinas de *El Heraldo Gallego* é Leopoldo Castro, do que nada se sabe, como xa lembramos. Á vista doutras súas colaboracións na mesma publicación, cabe desbotar calquer relación temático-estilística con Rosalía de Castro, mais a nosa hipótese aponta a unha outra posibilidade. Leopoldo Castro non sería pseudónimo que se correspondese univocamente cunha soa persoa, senón un **pseudónimo instrumental,** isto é, unha sorte de "comodín" que valería para disimular a autoría real de calquer escritor e, como non, para aparentar unha nómina de colaboradores ampla que melloraría a imaxe do xornal. Como xa dixemos, non atopamos razóns que autoricen a adxudicación ao proprio Lamas Carvajal, quen, en por si ou ben como Marcos da Portela, é autor de abundantes textos en prosa, tanto en galego como en español.

A hipótese que defendemos pasa por considerarmos que "El Códeo" sexa da propria Rosalía de Castro ou ben que estexa directamente inspirado na peza impublicada dela, pola censura violenta que, como se sabe, padeceu. Non cabe neste espazo realizar unha análise cabal dos recursos estilísticos e dos procedementos retóricos que nel aparecen para os poñer en comparanza con outros textos rosalianos. Limitarémonos a expor só algúns indicios, a comezar polos máis externos:

- O tamaño. "El Códeo" contén 2.866 palabras, tamaño similar ao doutros dous textos de Rosalía si publicados no *Almanaque* de Soto Freire: "El cadiceño", 3.172 palabras; "Las literatas", 1.791.
- A data. En 1878 estamos en plena Restauración e xa é bispo de Ourense (e senador) o temíbel Cesáreo Rodrigo y Rodríguez, que o foi entre 1875 e 1895; como se sabe, o denunciante de Curros após a publicación en 1880 de *Aires da miña terra. O ardor guerreiro* deste bispo (aos efeitos de censurar o artigo no *Heraldo*...) non sería, de certo, menor que o do seu colega de Lugo en 1864, monseñor Lamadrid, mais hai dous pormenores que deben ser tidos en conta: o meio de comunicación de Lamas non tiña que merecer a zunia episcopal, ao ser o seu fundador e principal artífice persoa benquista da xerarquía católica ou, ao menos, non enfrontada a ela; neste sentido, un artigo como o comentado, publicado neste xornal, contaría cunha especie de escudo de protección que o libraría da persecución censora do episcopado; en segundo lugar, e detalle non menor, a condición sexual do asinante: un artigo destas características asinado-asinábel por unha muller, mesmo sendo escritora coñecida (ou, mesmamente, por isto), vería considerabelmente aumentada a súa carga punitiva. Coidamos que este é o plus que obrou no seu momento, tanto na ira dos seminaristas de Lugo como na máis que probábel anuencia ou censura directa do bispo Lamadrid, para impedir a publicación no Almanaque de Soto Freire.
- O artigo inclúe dúas mencións ao "jamelgo monterrosino" en que o inminente seminarista viaxa desde a súa aldea á cidade en que radica o Seminario. Monterroso per-

tence á diocese de Lugo e a viaxe entre ambas localidades pódese facer perfeitamente nunha xornada a cabalo, como así aparece no relato. Non se fai mención expresa de Lugo, pois só se indica que o rapaz foi inscrito "en la matrícula del Seminario Conciliar más próximo a la aldea" (xeneralidade que, se aforra localización comprometedora, serve tamén para ampliar a información a calquer Seminario galego), mais a referencia á vila citada coincide coa diocese en que se produciu a censura do texto rosaliano.

- O texto comeza cunha mención clásica ("la diosa Minerva") moi do gosto da escritora, e con evidente saibo irónico. "No voy a hablar de las ruinas de Roma, que no he visto y quisiera ver, ni las de Pompeya, o Herculano, con que he soñado muchas veces...": así comeza a novela *Ruinas*, mais poderíanse citar outros moitos exemplos.
- O segundo parágrafo de "El Códeo" aborda a caracterización do personaxe de xeito arquetípico: "El Códeo vegeta y vive a la sombra de las catedrales...". De novo, un verbo que aparece criticamente no inicio da novela citada no apartado anterior: "En cierta pequeña, pero hermosísima villa, en la cual desde tiempos antediluvianos la gente es de *genio*; en aquella villa, en donde el que allí vegeta es siempre bautizado con la sangre de su propio martirio...". A estadía do Códeo no Seminario aseméllase ao perfil que Castelao fai de Pedriño, o co-protagonista da súa novela *Os dous de sempre,* feliz na súa vida vexetativa e pousafoles.
- Predomina, como en moitas outras obras en prosa da escritora, a adxectivación epitética ou simplesmente anteposta ao substantivo ou cun nome en función adxectival: "virgen corazón" é un exemplo.
- Moitos elementos lexicais lévannos sen dúbida a unha atmosfera rosaliana. Sirva este exemplo do comezo do sétimo parágrafo: "Llenaban por completo su espíritu [refírese ao rapaz que está viaxando á cidade para se incorporar ao Seminario] dos sombras: el pasado y el porvenir, aquel poblado de bellas imágenes, mágicas armonías e ideal poesía, y éste nebuloso y oscuro, lleno de fantasmas y triste como la noche de invierno".
- Ao igual que nos artigos rosalianos publicados no Almanaque de Soto Freire de 1865 para 1866, neste texto a introdución de frases en galego revela até que ponto era ruidoso o conflito lingüístico a esta altura. Como é ben sabido, os Seminarios Diocesanos eran axente principal da represión da lingua galega, a lingua mesmamente da maioría dos seus pupilos. Tal proscrición, unha vez cerrado o círculo da alienación, propagábase no retorno dos xa sacerdotes ao endogrupo, á parroquia corrrespondente, converténdoos así en eficientes capataces do que previamente foran vítimas. Non pasa inadvertida a mención da mestura de latín e galego con que o seminarista xa curtido agasalla e seduce a concorrencia nas súas vacacións (até que ponto a superioridade lingüística -transmitida a través das "divinas palabras", o latín, ou, con moita maior transcendencia e consecuencias, a través do español- operou historicamente como a

grande compensación clasista da falta de poder real noutras esferas é tema que aínda dá e dará moito de si na análise histórica da nosa lingua). Tamén é de notar a presenza de galeguismos como "soledades" (saudades, soidades) na directa prosa autorial.

- A perspectiva autorial, como se pode comprobar, é obxectivista. Coñecemos tal perspectiva no "Conto" rosaliano e noutras pezas narrativas da súa autoría. Non hai neste relato un só trazo que permita identificar o sexo do autor, porque toda a narración é en terceira persoa distante e "neutral". A única mención ao "eu" autorial tamén non aclara tal condición: "... desaparece el Códeo, apareciendo en su iniciación embrionaria el Presbítero, tipo cuyo bosquejo hará otro pincel más hábil que el mío y otro pintor que disponga de más vivos colores". Así remata o artigo e, aínda sabéndomos que a metáfora pictórica aplicada á arte literaria é recurso común na prosa do XIX, non nos podemos substraír ao recordo do comezo de "El cadiceño", onde a autora afronta o perigo de animarse a compor a imaxe verídica dos retornados da emigración, aínda a risco de ser acusada de debuxar caricaturas e non retratos. Firme ante as protestas e ameazas previsíbeis (termos delatores ou elocuentes: protestas e ameazas reais, co resultado coñecido, sofrera a autora o ano anterior), a artista declárase fiel á verdade e á arte, proponse "dibujar varios tipos" e informa de que ela tamén sofreu deformación da súa personalidade: "quien escribe estas páginas sabe harto bien que, sin haber dado permiso para ello, no habrá dejado más de un aprendiz de dibujo de hacer su caricatura" (GARCÍA NEGRO, 2016: 40). Fora un ano antes da escrita deste texto cando Rosalía de Castro padecera a represión que conducira á censura do seu "Codio". Así se pronuncia, na mesma publicación que, após o tumulto dos seminaristas, non publicou aquel. Se esta súa declaración, agora si en directa comparecencia autorial, ten como motivo a represión sofrida un ano antes, estaríamos sen dúbida ante unha ratificación da súa liberdade de expresión, unha declaración de non se deixar amedrontar por ataques contra a súa persoa e sobre a súa obra.

Xa que logo...

A cuestión continúa aberta, por suposto, mais mantemos a hipótese apontada. O único "Códeo" coñecido -publicado- ten, pensamos, evidente pouso rosaliano. Se non for da súa directa autoría, na súa inspiración e intención estaría baseado[8]. A pseudonimia en que se refuxia a autoría do texto é máis unha proba da súa problematicidade, a despeito de compor un cuadro ben realista e verificábel da profisión sacerdotal e das particulares

[8] Murguía quéixase en varias ocasións da publicación de poemas de Rosalía sen permiso. A maior abondamento, "El cadiceño", convertido en "Os caiceños", é "apropriado" sen a menor cita da autora por Manuel López Prado, nas páxinas d´*A Monteira*, en 1890. Vid. ALONSO MONTERO, Xesús: "*A Monteira: de re literaria*", en *A Monteira. Somanario de intreses rexionales e literatura,* edición facsimilar, Xunta de Galicia, 1999, páx. XXXIX; GÓMEZ POLÍN (1999: 104); GARCÍA NEGRO (2016: 47).

circunstancias que a rodeaban na Galiza. De por parte, é significativo que este relato fose un dos compilados por Victorino Novo no seu *Álbum de Galicia,* publicado en *El Norte de Galicia*, como xa vimos, a carón doutros como "El segador", de Lisardo Barreiro, "El cadiceño", da propria Rosalía de Castro, "El picapleitos", de Juan Manuel Paz Nóvoa, "O animeiro", de Valentín Lamas Carvajal ou "El cantero", de José Domínguez de Izquierdo. De modo e maneira que a cidade que coñeceu a violenta proscrición do artigo rosaliano vai ser a mesma en que vexa a luz de novo (xa no século XX, despois do seu aparecemento ourensao en 1878) un seu homónimo -sexa dela ou co idéntico título- cincuenta e dous anos máis tarde. Cousas da nosa historia, tan lenta en se asentar e ser coñecida. Desde o Alén, a escritora, coidamos, non deixaría de sorrir ironicamente: o "Codio" voltaba a Lugo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, Victoria (2008): "Sobre "El Codio" (1864), obra perdida de Rosalía de Castro", *Revista de Estudos Rosalianos,* nº 3, Centro de Estudos Rosalianos, Fundación Rosalía de Castro.

ARMAS GARCÍA, Celia Mª (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía,* Laiovento, Santiago de Compostela.

CARBALLO CALERO, Ricardo (1979): *Estudos rosalianos,* Galaxia, Vigo.

GARCÍA NEGRO, Mª P., GÓMEZ SÁNCHEZ, A., RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (1996): *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX,* AS-PG/A Nosa Terra, Vigo.

— (2010): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo,* Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

— (2016): "2015-2016: 150 anos de dúas pezas fundamentais de Rosalía de Castro, "El cadiceño" e "Las literatas", *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos,* Fundación Rosalía de Castro.

GÓMEZ POLÍN, Ricardo (editor) (1999): *Os galegos pintados por si mesmos. Homes do país,* Xerais, Vigo.

GONZÁLEZ PAZ, Carlos Andrés (ed.) (2016): *Escritoras na Galicia do século XIX,* CSIC, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Cuadernos de Estudios Gallegos, nº 13, Santiago de Compostela.

LAMAS CARVAJAL, Valentín (1997): *Poesia galega* (Edición crítica e Introdución de Mª Pilar García Negro), Ediciós do Castro, Sada-A Coruña.

MARCO, Aurora (1993): *As precursoras*, La Voz de Galicia.

Publicamos este segundo número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Padrón

CONCELLO
DE PADRÓN

CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO